2021/RPT/000001

Trámite: certificación do acordo.

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 18.05.2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

G) APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL DIRECTIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2021. EXPEDIENTE: 2021/RPT/000001.

1.- Logo de tramitar o expediente oportuno, iniciado a proposta desta concellería delegada do servizo de persoal e cultura, a Xunta de Goberno Local, na sesión do día 15/02/2021, aprobou inicialmente a modificación da relación de postos directivos do Concello de Pontevedra para o ano 2021.

2.- En cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEP), publicouse no BOP núm. 40, do 01/03/2021, no Taboleiro de Anuncios e na Sede electrónica do Concello un anuncio do antedito acordo de aprobación inicial da modificación da relación de postos de persoal directivo, tras o que se abriu un prazo de información pública de 20 días hábiles (do 02/03/2021 ao 30/03/2021), a fin de que se puidera examinar o expediente e presentar as reclamacións, suxestións ou alegacións oportunas.

3.- Durante o período de información pública, presentáronse en tempo e forma os seguintes escritos de alegacións e reclamacións:

- Un escrito achegado no rexistro de entrada de data 29/03/2021 por dona Maria Yolanda González Cons en nome da Xunta de Persoal do Concello de Pontevedra.

- Un escrito de alegacións presentado con data de rexistro de entrada 30/03/2021 por parte de don Ramón Casas Vázquez, titular do posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo deste Concello.

4.- No escrito achegado pola Xunta de Persoal do Concello de Pontevedra, adúcense dúas alegacións referidas as dúas modificacións esenciais levadas a cabo na relación de postos de directivos (en adiante, RPT de directivos) aprobada inicialmente pola Xunta de Goberno Local con data 15/02/2021: a supresión do posto de director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións e as condicións retributivas do novo posto directivo incorporado na dita RPT de directivos, o posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo (en adiante, Presidente do TEA).

Antes de analizar as alegacións achegadas pola Xunta de Persoal, procede salientar que tal e como se pon de manifesto no informe incorporado pola xefa de Persoal na proposta de aprobación de modificación da RPT de directivos aprobada por esta concellería delegada de Persoal e Cultura asinado con data 29/01/2021, que obra no expediente, este acordo non

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

require de previa negociación colectiva coas organizacións sindicais municipais xa que as condicións de traballo do persoal directivo non son obxecto de negociación, de conformidade co artigo 13.4 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, e do artigo 33.5 da Lei 2/2015 de emprego de Galicia.

É por iso que debe advertirse que o acordo de modificación da RPT de postos directivos queda excluída dos intereses obxecto de representación por parte da Xunta de Persoal, ao non atoparse o persoal directivo entre o persoal cuxos intereses constitúen o obxecto de representación e defensa da actividade deste órgano representativo tal e como recoñece este mesmo órgano no seu escrito de alegacións e sen que se poida compartir a afirmación realizada de que o contido do acordo da Xunta de Goberno Local recolla aspectos que excedan da natureza directiva dos postos obxecto de modificación e afecten ao persoal funcionario municipal obxecto de representación por parte da Xunta de Persoal.

Sen prexuízo do anterior, en canto aos motivos de oposición manifestados contra a supresión do posto de director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións, dáse por reproducido aquí a motivación recollida no propio acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/02/2021 pois a decisión de suprimir o posto de director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións ten a súa xustificación na situación de vacante do mesmo posto directivo desde o 30/11/2020 e no acordo de disolución e supresión do organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións adoptado polo pleno da corporación con data 28/12/2020, tras o que quedou extinguida a súa personalidade xurídica e derrogados os seus estatutos con efectos do día 31/12/2020.

Así, desde o día 01/01/2021 as funcións e competencias que tiña encomendadas o dito organismo autónomo se xestionan polo Concello de Pontevedra baixo a modalidade de xestión directa, a través do Servizo municipal de Infraestruturas Culturais, adscrito a Área de Presidencia e Servizos Xerais, baixo a dirección xeral da Dirección Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais, ao igual que o resto de Servizos adscritos a esta Área municipal.

Polo tanto, insistimos en que debe procederse a suprimir o posto de director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións recollido na RPT de persoal directivo, ao non existir na actualidade o organismo autónomo (Pazo de Congresos e Exposicións) ao cal estaba adscrito este mesmo posto directivo e sen que esta concellería estime conveniente para os intereses municipais crear unha nova figura directiva relacionada coa área de cultura na que se integra o Servizo de Infraestruturas Culturais que actualmente desenvolve as funcións sobre as que tiña responsabilidades e competencias de dirección o posto obxecto de supresión.

Por outra banda, a decisión municipal de desistimento do contrato da titular do posto de director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións acordouse, logo da tramitación do correspondente expediente, pola Xunta de Goberno Local na sesión do 11/11/2020, con efectos do 30/11/2020, constituíndo este acordo de desistimento un acto administrativo diferente

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

ao acordo da Xunta de Goberno Local de 15/02/2021 de aprobación inicial da modificación da RTP de directivos obxecto de alegacións. É por isto que non procede analizar as afirmacións manifestadas pola Xunta de Persoal en relación coa situación laboral actual da titular do posto de director/a xerente do Pazo de Cultura, ao ter este un obxecto distinto do contido do acordo de aprobación inicial da modificación da RPT de persoal directivo suxeito a información pública e susceptible de alegacións.

Con base ao anterior, desestímanse as alegacións relacionadas coa supresión do posto de director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións.

No que atinxe as alegacións relativas a determinación das retribucións complementarias dos diferentes postos de persoal directivo e, concretamente, as do novo posto de Presidente do TEA, debe reiterar, como xa se manifesta no acordo de aprobación inicial, que este posto se integra nunha nova categoría de persoal directivo, diferente as categorías do resto dos postos de persoal directivo existentes na actualidade na RPT de directivos, as cales pola súa parte se corresponden coas categorías recollidas expresamente na normativa vixente (tanto na lexislación básica de réxime local coma na propia normativa municipal), como son os/as funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional (que se recollen na RPT do Concello de Pontevedra), os directores/as xerais, o director/a da Asesoría xurídica ou o posto que se ex tingue de director/a xerente do organismo autónomo do Pazo de Congresos e Exposicións.

Así, este posto ostenta unha categoría diferente de persoal directivo, cunhas características propias e singulares (postas de manifesto de forma exhaustiva na parte expositiva do acordo de aprobación inicial contra o que se alega) e cunhas funcións diferentes ao do resto de postos de persoal directivo, polo que non se pode predicar unha equiparación respecto do resto de postos directivos e, especialmente, en consideración aos postos de director/a xeral aos que parece querer equiparalo a Xunta de Persoal no seu escrito, sen que se poida estimar a petición de homoxeneización e equiparación das condicións que determinan as retribucións complementarias do novo posto que se crea na RPT de directivos.

Neste senso, debe recordarse que, segundo consolidada xurisprudencia (podendo destacar as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de datas 11/07/2018, 11/03/2020 e 03/03/2021 ou as sentenzas do Tribunal Supremo de datas 21/07/2003 e de 07/11/2008, entre outras), as reclamacións en materia de igualdade retributiva entre postos de traballo relativas a asignación do nivel de complemento de destino e do complemento específico requiren que se acredite a existencia dunha plena e íntegra igualdade funcional entre os postos de contraste de forma que se cumpran os requisitos para merecer a mesma consideración tanto para a fixación dun mesmo nivel de complemento de destino como a asignación dun idéntico complemento específico, sen que no caso exposto se acredite nin se fundamente de forma efectiva a preceptiva igualdade funcional entre os postos das diferentes categorías de persoal directivo

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

reclamada por parte da Xunta de Persoal.

Para terminar con esta cuestión, cómpre recordar que as condicións retributivas asignadas ao posto de Presidente do TEA cumpren co réxime retributivo acordado polo Pleno da Corporación con data 15/07/2019 para o persoal directivo municipal, debendo considerarse que a determinación das condicións relativas ao complemento de destino e específico desta nova categoría de posto de persoal directivo constitúe unha manifestación do exercicio de potestade organizativa que, dentro da existencia dunha motivación suficiente como resulta no caso obxecto de alegacións, constitúe unha potestade discrecional exercida dentro dos límites máximos e mínimos establecidos para o persoal directivo desta Administración municipal polo Pleno da Corporación nos apartados SEGUNDO e TERCEIRO devandito acordo de retribucións do persoal directivo municipal.

Consonte o arriba exposto, procede rexeitar as alegacións e reclamacións efectuadas en relación coas determinación das condicións retributivas asignadas ao novo posto de Presidente do TEA, debendo insistir en que non cabe apreciar nin arbitrariedade nin obscenidade na decisión municipal tal e como afirma a Xunta de Persoal no seu escrito.

Finalmente cómpre recordar que a lexitimación e o interese que ostenta a Xunta de Persoal respecto dos acordos municipais que afectan as condicións laborais dos funcionarios/as municipais afectados pola actuación municipal non lle outorga lexitimación activa respecto das decisións políticas de carácter organizativo exercidas dentro da potestade de de auto organización que lle corresponde a esta Administración municipal e, especialmente, respecto daquelas cuestións que se refiren as condicións dos postos de persoal directivo municipal, excluído do ámbito de negociación colectiva.

Xunto ao anterior, cómpre advertir que a comparecencia no trámite de información pública (como acontece no presente caso) non outorga por si mesma a condición de interesado, tal e como se preceptúa no artigo 83.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o cal se lle informa a Xunta de Persoal respecto das alegacións achegadas contra a aprobación inicial da modificación da RPT de persoal directivo, por referirse a cuestións que afectan ás condicións do persoal directivo municipal e polo tanto exceden dos intereses obxecto de representación do amentado órgano representativo municipal.

5.- Pola súa parte, no escrito achegado en tempo e forma por don Ramón Casas Vázquez, formúlanse diferentes alegacións referidas ao acordo de aprobación inicial da modificación da RPT de persoal directivo, que reclaman, por unha banda, contra determinadas características do novo posto de presidente do TEA e, por outra, contra a decisión de exclusión da mesma RPT de persoal directivo de determinados postos de traballo como os postos reservados a funcionarios de administración local con carácter nacional, recollidos na RPT do Concello de Pontevedra.

- En primeiro lugar, o Sr. Casas Vázquez reclama a consideración da

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

condición de directivo do posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo (en adiante, Presidente do TEA) con efectos retroactivos afirmando que este carácter directivo o ten desde a creación da mesma figura polo Pleno da Corporación e solicitando no seu escrito que se recoñeza expresamente a condición de posto directivo desde a data de creación da RPT de directivos aprobada con carácter definitivo pola Xunta de Goberno Local o día 30/09/2021 con efectos do 01/10/2021 e publicada no BOP núm. 196, do 11/10/2019.

En relación con esta petición, sen prexuízo das dúbidas que se tiveron no momento de tramitación do expediente de creación da RPT de directivos en relación con esta figura de existencia necesaria na organización municipal, que finalmente deron lugar a decisión da exclusión deste posto deste instrumento de ordenación no mesmo acordo de data 30/09/2019, polos motivos xustificados no propio acordo municipal, esta concellería, non obstante, con base ao informe de Asesoría Xurídica de data 28/01/2020 no que se fundamenta a inclusión do novo posto de presidente do TEA (CDG 0006) e á vista dos argumentos aducidos no escrito de reclamación, considera proporcionado e axeitado estimar esta petición e, en consecuencia, propón que se acorde de forma expresa o recoñecemento da condición de directivo do posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo desde a data de efectos de creación da RPT de directivos, o citado día 01/10/2019.

Polo tanto, se ben a inclusión do posto de Presidente do TEA na RPT de directivos co CDG 0006 se leva a efecto a través do acordo de aprobación definitiva de modificación da mesma RPT (con efectos desde o día seguinte a súa publicación no BOP) recoñécese expresamente o carácter de directivo do mesmo posto con efectos do día 01/10/2019, data dos efectos da entrada en vigor da RPT de directivos obxecto de modificación.

- No apartado segundo do seu escrito, p Sr. Casas Vázquez alega contra a exclusión da RPT de directivos dos postos de traballo do Concello reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional (en adiante FHN), os cales se excluíron de forma motivada da RPT de directivos tal e como consta no mesmo acordo de aprobación da RPT de directivos adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 30/09/2019, manténdose estes postos na RPT do Concello de Pontevedra, no que seguen a recollerse na actualidade, sen prexuízo da súa consideración de persoal directivo (RPT modificada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/02/2021 e publicada integramente no BOP núm. 39, do 26/02/2021, con efectos desde o 01/03/2021.

En relación con esta cuestión, cómpre dar por reproducido aquí a motivación que no seu momento levou a Xunta de Goberno Local a adoptar a decisión de non incluír aos postos reservados a esta categoría profesional (FHN) na RPT de directivos, xa que se considerou mais acertado mantelos na RPT do Concello de Pontevedra ao tratarse de funcionarios municipais en situación de servizo activo no Concello e á vista da súa condición dual de funcionarios en activo e persoal directivo, primouse a primeira para determinar o instrumento de ordenación no cal recoller este tipo de postos de traballo.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

Non se poden compartir e, polo tanto, procede rexeitar as alegacións do Sr. Casas Vázquez pois se ben a normativa citada no seu escrito de alegacións (o artigo 33.2 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, en adiante, LEP de Galicia) establece que os postos de persoal directivo deben constar nunha RPT de persoal directivo, tamén é certo que o artigo 38 da mesma Lei establece esta mesma obriga para os postos de persoal funcionario respecto das RPT ordinarias e, pola súa parte, o artigo 22 establece que as RPT reservarán necesariamente a persoal funcionario os postos que teñan atribuídas as funcións recollidas nas súas letras a), b), c), d) e e), referidas todas elas as funcións propias dos postos de FHN que actualmente se integran na RPT municipal.

Tampouco se pode estimar a igualdade na categoría dos postos de postos directivos reservados a FHN do resto do resto de postos de persoal directivo como pode ser o posto de Director da Asesoría Xurídica ou o propio posto de Presidente do TEA cuxo recoñecemento da condición directiva se leva a cabo a través do presente acordo de forma expresa, pois aqueles (os FHN) se ocupan por funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional en servizo activo, independentemente da consideración como directivos con arranxo ao disposto no artigo 130.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e diferentes artigos do Regulamento orgánico do goberno e administración do Concello de Pontevedra e sen que os seus titulares se atopen en situación administrativa de servizos especiais con reserva de praza e posto nesta ou noutra administración como así acontece co resto dos titulares dos postos de persoal directivo municipal conforme o disposto na letra f) do artigo 167 da LEP de Galicia.

Considerando así mesmo que un mesmo posto non pode integrarse en dúas relacións de postos de traballo de forma simultánea, con base as razóns arriba expostas procede desestimar esta alegación achegada por don Ramón Casas Vázquez.

Finalmente, en relación con esta alegación, advírtese que o reclamante non ostenta un interese directo respecto dos postos reservados a FHN que se atopan actualmente recollidos na RPT do Concello de Pontevedra e sobre os que reclama a súa inclusión na RPT de directivos, polo que, se ben non obsta a presentación das alegacións obxecto de análise no presente expediente, infórmaselle que a comparecencia no trámite de información pública (como acontece no presente caso) non outorga por si mesma a condición de interesado, tal e como se preceptúa no artigo 83.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o cal se lle informa ao reclamante respecto desta alegación achegada contra a aprobación inicial da modificación da RPT de persoal directivo.

- Na terceira alegación, don Ramón Casas Vázquez afirma que respecto das condicións retributivas aprobadas para o posto de Presidente do TEA no acordo de creación obxecto de alegación se está a separar do criterio establecido para os outros postos de persoal directivo no momento de creación da RPT de directivos en canto ao nivel de complemento de destino e ao importe do complemento específico asignado ao dito posto.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

Así, logo de reproducir a motivación que consta en relación coa determinación das condicións relativas as retribucións complementarias (complemento de destino e específico) dos postos de persoal directivo no acordo da Xunta de Goberno local de 23/08/2019, de aprobación inicial da creación desta RPT de directivos, manifesta que se está a cambiar de criterio de forma arbitraria e sen motivación suficiente, solicitando que se apliquen os mesmos criterios ao novo posto de traballo de Presidente do TEA.

Así mesmo, nesta alegación terceira o reclamante demanda para o posto de Presidente do TEA o nivel 30 a efectos de complemento de destino como para o resto de postos de persoal directivo e que se lle asigne un complemento específico equiparado ao do posto de Titular do Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria, actualmente na RPT do Concello de Pontevedra, cun complemento de destino superior ao previsto na RPT de directivos para o posto de Presidente do TEA.

En relación coas afirmacións aducidas nesta alegación, cómpre destacar que na parte expositiva do acordo da Xunta de Goberno Local de 15/02/2021 se establece de forma expresa que o posto de Presidente do TEA constitúe unha nova categoría de persoal directivo, diferenciada do resto de postos directivos expresamente recoñecidos como tales na lexislación básica de réxime local como son o Director/a da Asesoría Xurídica, os Directores xerais recollidos na RPT de directivos ou os postos directivos excluídos da mesma polas razóns arriba expostas, cuxas funcións están reservadas a FHCN en activo (recollidos na RPT do Concello de Pontevedra).

Desta forma, o posto do Presidente do TEA non se pode igualar, atendendo as súas funcións, responsabilidades ou características orgánicas (expostas de forma exhaustiva e motivada no acordo obxecto de alegacións) ao posto de director da Asesoría Xurídica ou aos postos de Director/a Xeral da RPT de directivos aos cales de forma expresa se refire o reclamante na súa alegación terceira para cuestionar o cambio de criterio seguido para determinar as condicións relativas aos complementos retributivos de destino e específico do posto de Presidente do TEA. Tampouco se acredita de forma suficiente no escrito de alegacións e reclamacións do Sr. Cásas Vázquez unha equiparación e identidade funcional cos postos respecto dos cales afirma que existe discriminación en canto a estes conceptos retributivos, razón pola que non pode prosperar esta reclamación.

Para empezar, por que na motivación que cita o Sr. Cásas Vázquez relativa aos criterios seguidos pola Xunta de Goberno Local no acordo de data 23/08/2019 de creación da RPT de directivos para determinar o nivel de complemento de destino e de complemento específico dos postos incorporados a dita RPT de directivos, advírtese que non se está a referir de forma plena a todos os postos de persoal directivo que poidan existir no Concello de Pontevedra nun futuro se non que, a pesar de que si se emprega a expresión de “postos directivos” ao longo da motivación da exposición de motivos do acordo en canto a determinación dos complementos de destino e específico, da súa lectura íntegra se pode deducir que se está a referir a categoría de postos directivos aos que lle

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

atribúe as condicións aludidas polo reclamante como é a de director/a xeral (catro postos, un posto xa preexistente: Director/a Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais e tres postos novos: Director/a Xeral de Mobilidade, Director/a Xeral de Protección Cidadá e Director/a Xeral de Recursos Humanos), aos cales tal e como afirma o interesado se lles asignou un nivel de complemento de destino 30 e un complemento específico dun importe superior en determinada contía ao posto de Oficial Xefe da Policía local. Porén, a pesar de empregar de forma xenérica o termo "persoal directivo" na dita parte expositiva facilmente se pode apreciar que se está aludindo a todos os postos coa categoría directiva de director/a xeral, aos que finalmente se lles atribuíron as condicións afirmadas e reclamadas en parte polo reclamante.

Polo tanto, os criterios dos cales se afirma que se está a separar sen motivación e xustificación a Xunta de Goberno Local ao adoptar o acordo de creación do posto de Presidente do TEA se refiren a unha categoría distinta de persoal directivo, cunhas particularidades propias e singulares, que diverxen deste novo posto como son os postos de Director/a Xeral, os cales teñen atribuídas unhas funcións, responsabilidades e peculiaridades organizativas na estrutura municipal moi distintas as que caracterizan ao posto de Presidente do TEA, recollidas no artigo 45 do Regulamento Orgánico do goberno e da Administración do Concello de Pontevedra, nos seguintes termos:

Artigo 45.- Directores Xerais.

1. Dentro da estrutura administrativa do Concello de Pontevedra poderán existir Directores Xerais ou órganos similares, que son os titulares dos órganos directivos aos que corresponde a dirección e xestións dun ou varios ámbitos de competencias funcionalmente homoxéneas.

2. Con carácter xeral, corresponden aos Directores Xerais nos seus respectivos ámbitos de responsabilidade e baixo a dependencia directa da respectiva Concellería, as seguintes funcións:

a) A dirección e xestión dos servicios da súa competencia.

b) A dirección e coordinación das unidades orgánicas adscritas á mesma,

cuxa xefatura inmediata ostentan.

c) A elaboración de proxectos de disposicións, acordos e convenios respecto

das materias do seu ámbito de funcións.

d) O asesoramento xurídico naqueles expedientes ou materias nas que a súa tramitación lle estea encomendada, emitindo ou conformando os informes e propostas de resolución confeccionadas polas xefaturas de servicio ou unidades inferiores.

e) A preparación, tramitación e aprobación de contratos menores e negociados sen publicidade que leve a cabo o seu servicio ou unidade.

f) A elaboración, seguimento e control do orzamento anual que se lle asigne.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

g) A avaliación dos servicios da súa competencia.

h) As que lle deleguen os demais órganos municipais.

i) Aquelas funcións complementarias que lles poidan ser asignadas na relación de postos de traballo ou calquera outras de natureza similar.

(…)”

É mais, no propio acordo da Xunta de Goberno Local de creación deste último posto, contra o cal se alega, xa se pon de manifesto que este posto constitúe unha nova categoría de persoal directivo, o cal con base súa configuración legal (na que se basean as condicións nas que se crea o posto) se diferencia doutras categorías de postos directivos como son os reservados a FHN, o Titular da Asesoría Xurídica ou os Directores/as Xerais. En relación con esta cuestión, cómpre sinalar que nada se argumenta nin se alegan motivos de oposición contra esta consideración establecida de forma expresa na parte expositiva do acordo obxecto de reclamación.

Polo tanto, con cargo ao anterior, non se poden compartir e deben desestimarse as alegacións aducidas polo Sr. Casas Vázquez de separación de criterio precedente ou de falta de motivación na configuración ou determinación das condicións retributivas do posto de presidente do TEA en relación con outros postos de persoal directivo, pois ao non ostentar unha igualdade orgánica, funcional nin unha equiparación en canto as responsabilidades atribuídas ao postos comparados consonte a respectiva normativa reguladora non poden equipararse nin compartir a mesma categoría de persoal directivo, debendo rexeitarse así mesmo a arbitrariedade e discriminación reprochada ao longo desta alegación.

Noutra orde, debemos recordar que as condicións retributivas asignadas ao posto de Presidente do TEA se adecúan aos criterios establecidos nos apartados SEGUNDO e TERCEIRO do acordo plenario de data 15/07/2019 polo que se aprobaron as condicións retributivas do persoal directivo municipal publicado no BOP núm. 143, do 29 de xullo de 2019, nos cales se dispón o seguinte:

“(…)

Segundo.—O complemento de destino dos órganos directivos aos que fai referencia o punto primeiro deste acordo o determinará a Xunta de Goberno Local, que non poderá ser inferior a 28 nin superior a 30 que lle corresponde aos funcionarios de carreira.

Terceiro.—O complemento específico dos órganos directivos aos que fai referencia o punto primeiro deste acordo o determinará a Xunta de Goberno Local non podendo ser de contía inferior a 24761,94 nin superior aos postos reservados á funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional que maior complemento específico perciben.

(…)”

A vista do anterior, debe considerarse que as condicións retributivas do posto de Presidente do TEA dan cumprimento as premisas establecidas polo Pleno da Corporación para os postos de persoal directivo, sen que se

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

poida apreciar discriminación nin arbitrariedade ningunha pois estas condicións son as establecidas con carácter xeral para os postos directivos, considerando esta concellería delegada de Persoal e Cultura que non se aprecia que concorran respecto do posto de Presidente do TEA circunstancias que xustifiquen ou esixan a modificación das condicións retributivas que ten asignadas na actualidade como son o nivel 28 a efectos de complemento de destino e a contía de complemento específico recollida no anexo I do acordo de aprobación inicial da modificación da RPT de directivos: 25.546,75 euros. Como xa expón no acordo de incorporación deste posto á RPT de directivos, estas condicións son as establecidas para este posto desde a súa creación, e que se corresponden coas aprobadas no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 17/01/2011 e publicado no BOP núm. 22 do 02/02/2011, sen prexuízo da súa actualización anual segundo as variacións retributivas aplicadas en virtude das diferentes Leis de orzamentos xerais do Estado dos diferentes anos, incluíndo a subida anual do 0,9€ aprobada para este ano 2021 pola Lei 11/2021, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

No seu escrito, o Sr. Casas Vázquez alega contra estas condicións retributivas e reclama para o posto de Presidente do TEA un nivel 30 de complemento de destino, por ter a condición de posto directivo, solicitando a súa equiparación aos postos preexistentes de Director/a Xeral (e por ende, ao de Director/a da Asesoría Xurídica).

En canto ao complemento específico, cuestiona que non se lle aplique o criterio establecido no momento da aprobación da RPT para os Directores Xerais mais o que realmente parece reclamar no seu escrito é que se lle asigne ao posto de Presidente do TEA un complemento específico igual ao do posto do Titular do Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria, posto reservado a FHN e recollido na RPT do Concello de Pontevedra co CDG 8001, que ten un complemento específico de 36.187,28 euros.

Esta reclamación de equiparación retributiva constitúe realmente unha reclamación de incremento retributivo referida ao nivel de complemento de destino e ao importe do complemento específico do posto de Presidente do TEA, a cal non pode prosperar, tanto polos motivos xa expostos ao longo deste apartado referidos a categoría singular de persoal directivo que debe predicarse do posto de Presidente do TEA, como tamén por non apreciarse a existencia da esixible igualdade plena e íntegra entre as funcións, responsabilidades e competencias propias dos postos arriba relacionados aos que se pretende equiparar o posto de Presidente do TEA. En relación con esta cuestión, debemos salientar aquí a xurisprudencia consolidada respecto das reclamacións en materia de igualdade retributiva entre postos de traballo relativas a asignación do nivel de complemento de destino e do complemento específico, segundo a cal, para que prosperen se esixe acreditar a existencia dunha plena e íntegra igualdade funcional entre os postos de contraste de forma que se cumpran os requisitos para merecer a mesma consideración tanto para a fixación dun mesmo nivel de complemento de destino como a asignación dun idéntico complemento específico.

A estes efectos, pódense destacar, entre outras, as sentenzas do Tribunal

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

Superior de Xustiza de Galicia de datas 11/07/2018, 11/03/2020 e 03/03/2021 ou as sentenzas do Tribunal Supremo de datas 21/07/2003 e de 07/11/2008, nas cales se consagra o principio de que para que poida considerarse vulnerado o principio de igualdade retributiva debe acreditarse a identidade funcional entre os postos, o cal non se aprecia no caso obxecto de reclamación, pois nin da súa configuración legal, nin das funcións, responsabilidades e competencias que segundo a normativa vixente teñen encomendadas nin da realidade dos postos no organigrama municipal non se pode afirmar, nin tampouco se acredita polo Sr. Casas Vázquez no seu escrito a identidade entre as funcións, responsabilidades e competencias propias do titular do posto de Presidente do TEA respecto dos postos de Director/a Xeral (cuxo nivel complemento de destino pretende) ou do posto de Titular do Órgano de Tesourería e Xestión tributaria (cuxo complemento específico solicita o reclamante).

Nestes termos, constan sentencias desestimatorias de reclamacións retributivas presentadas contra este Concello de Pontevedra por parte de diferentes empregados/as municipais, cuxas pretensións se desestimaron con base a este mesmo criterio xurisprudencial de esixencia de acreditación dunha igualdade plena e íntegra de funcións, entre a que se pode destacar a Sentenza 253/2020 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo num. 2 de Pontevedra, de data 30/12/2020, que no seu fundamento de dereito TERCEIRO reza o seguinte:

“(...)

En relación con la cuestión suscitada, ha de recordarse lo que se dispone en sentencias como la del TSJ de Galicia de 16 de mayo de 2018, cuya doctrina se reitera entre otras en la reciente de la misma Sala de 28 de octubre de 2020 “este Tribunal en sentencia de 23 septiembre de 2015 (Recurso nº 227/2013) ha razonado, en primer lugar, que el hecho de que la cuantía de las retribuciones complementarias figure en la relación de puestos de trabajo no impide que pueda solicitarse la elevación de alguna de las fijadas, en base a que se realizan idénticas funciones a las de otro puesto que tiene asignada una mayor cuantía, puesto que, como ha declarado la sentencia de 17 de diciembre de 2009 de la Sección 7ª de la Sala Tercera del Tribunal Supremo: "La naturaleza estatutaria de la relación de los funcionarios con las Administraciones Públicas no puede legitimar actuaciones ilegales como sucede en el caso de que una Relación de Puestos de Trabajo de funcionarios asigne niveles o complementos específicos que no se correspondan con las funciones o tareas que, en la realidad, se realicen en el desempeño de un puesto de trabajo en cuanto dichas funciones o tareas sean las mismas que se realizan en puestos a los que la misma Administración y en la misma Relación de Puestos de Trabajo asigne retribuciones superiores en el complemento de destino y complemento específico". Pero en segundo lugar, la citada sentencia añade: "Ahora bien, para que prospere una reclamación de esta naturaleza no basta con la coincidencia de denominación entre unos puestos y otros, sino que es imprescindible que se acredite la identidad funcional entre los sometidos a contraste, ya que la inclusión en la relación de puestos de trabajo de varios puestos con la misma denominación, pero con diferente

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

nivel de complemento de destino y cuantía del complemento específico, no implica necesariamente que no pueda existir diferencia entre ellos en lo que hace a algunos aspectos de su contenido funcional y a las condiciones particulares que legalmente permiten el reconocimiento del complemento en cuestión, como ha declarado la sentencia de la Sala Tercera del Tribunal Supremo de 18 de noviembre de 2003 fijando doctrina legal.

En definitiva, la conculcación del principio de igualdad en la aplicación de la ley, proclamado en el artículo 14 de la Constitución, exige la previa demostración de que ante situaciones idénticas comparativamente hablando la solución normativa es diferente, sin la existencia de razones objetivas para el distinto tratamiento. Específicamente referido a un problema concerniente a Subinspectores de Inspección Tributaria, la sentencia del Tribunal Supremo de 9 de diciembre de 1994 ha declarado que para la vulneración del principio constitucional de igualdad recogido en el artículo 14 de la Constitución en la asignación de los complementos de destino y específico resulta imprescindible que conste que los funcionarios que se comparan vengan desempeñando todos ellos puestos de trabajo análogos totalmente y con íntegra identidad de funciones.

La Jurisprudencia se ha pronunciado profusamente sobre esta materia así, sentencias del Tribunal Supremo de 8 de marzo de 2005, 27 de marzo de 2006 y 22 de septiembre de 2008, entre otras muchas, condicionando el problema de equiparación retributiva a una cuestión de prueba en función de que se acredite la igualdad o desigualdad de las funciones desempeñadas, de modo que cuando se produce la identidad funcional la equiparación retributiva debe tener lugar".

Con base ao arriba exposto, debe desestimarse íntegramente a alegación terceira do Sr. Cásas Vázquez así como a reclamación en materia retributiva formulada en relación co complemento de destino e específico do posto de Presidente do TEA recollidas no acordo de aprobación inicial da modificación da RPT de directivos aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 15/02/2021.

- Na súa alegación cuarta don Ramón Casas Vázquez alega contra os méritos e capacidades establecidos para a cobertura do posto polo sistema de libre designación ao considerar que se debe recoller, xunto aos xa existentes, a experiencia en órganos de revisión tributarios municipais e provinciais ou incluso rexionais ou estatais por ser esta unha experiencia profesional a ter en conta de forma preferente para a provisión dun posto como o de Presidente do TEA.

A pesar do razoable que pode resultar o afirmado polo reclamante, non se estima necesario modificar os méritos e capacidades establecidos no acordo de aprobación inicial, pois a experiencia cuxo recoñecemento se reclama considérase que se integra na “competencia técnica en materia tributaria” establecida con base ao disposto na normativa reguladora do posto en cuestión (exposta profusamente no acordo de aprobación inicial de data 15/02/2021) e recollida expresamente nas condicións do posto co CDG 0006 no anexo I do mesmo acordo. Xunto a esta competencia técnica en materia tributaria se cita a experiencia en postos con funcións

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

relacionadas co ámbito material sobre o que ten competencia o Tribunal Económico Administrativo que preside o posto en cuestión, as cales se consideran por esta Administración que deben constituír os méritos e competencias a ter como referencia para a provisión do posto de Presidente do TEA.

Sen prexuízo do anterior, como non pode ser doutra maneira, a experiencia en postos de igual ou similar categoría profesional que as do posto convocado por libre designación xa constitúe de por si unha experiencia e mérito a ter en conta no momento de resolver a convocatoria dun proceso de provisión de calquera posto por este sistema de libre designación, sen que a ausencia de mención expresa desta experiencia teña que dar necesariamente lugar a situacións como as que expón o Sr. Casas Vázquez no seu escrito.

Polo tanto, desestímase esta alegación por considerar que xa se pode considerar incluídas a experiencia profesional en postos de revisión de resolucións económico administrativas na recoñecida competencia en materia tributaria que se cita expresamente no acordo obxecto de alegación.

- Finalmente, respecto da petición de que se incorpore ao expediente un informe da Asesoría Xurídica ao respecto das súas alegacións, cómpre advertir en primeiro lugar que a potestade de solicitar informes aos funcionarios municipais ou aos titulares dos diferentes órganos administrativos, como en este caso é a Asesoría Xurídica municipal é propia do Presidente (no noso caso, o alcalde) da Corporación tal e como se establece no artigo 174 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais:

Artículo 174. 1. Sin perjuicio de los informes preceptivos que deban emitir el responsable de la Secretaría y el responsable de la Intervención, el Presidente podrá solicitar otros informes o dictámenes cuando lo estime necesario.(...)

Así mesmo, en relación coa solicitude de informe a Asesoría Xurídica municipal requirida polo interesado, o artigo 56.2 do Regulamento orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra, dispón o seguinte en relación coas funcións consultivas deste órgano municipal:

Artigo 56- Exercicio das funcións consultivas.

1. Corresponde a Asesoría Xurídica informar, con carácter previo e preceptivo, nos seguintes asuntos:

a) Os proxectos de ordenanzas e regulamentos.

b) Os convenios que celebre o Concello de Pontevedra e os seus organismos públicos.

c) Os modelos de prego tipo, os pregos de cláusulas administrativas particulares, os acordos sobre modificación, resolución e interpretación dos contratos administrativos, a preparación dos contratos de asistencia técnica que teñan por obxecto o asesoramento xurídico externo, e nos

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

demais supostos en que a lexislación sobre contratación administrativa esixa informe preceptivo da Asesoría Xurídica.

d) Bastanteo dos poderes para actuar que presenten os particulares ante o Concello e os seus organismos públicos.

e) Os acordos sobre exercicio de accións xudiciais.

f) As propostas de resolución nos procedementos de declaración de lesividade.

g) Plantexamento de conflictos de xurisdicción aos xulgados e tribunais.

h) Calquera outro asunto respecto do cal a lexislación vixente esixa informe xurídico con carácter preceptivo.

2. Así mesmo, o Alcalde, os membros da Xunta de Goberno Local, os órganos directivos municipais e dos organismos públicos, poderán consultar á Asesoría Xurídica sobre calquera cuestión xurídica relacionada con asuntos da súa competencia, precisando os puntos de deben ser obxecto de asesoramento.

(...)”

Consonte o anterior, advírtese que a petición do informe solicitado no escrito de alegacións non se corresponde con ningún dos supostos de informe preceptivo da Asesoría Xurídica recollidos expresamente no citado artigo 56.1 do Regulamento orgánico municipal, sen que corresponda aos interesados no expediente recabar informes dos órganos ou funcionarios municipais por consideralo conveniente para a resolución e/ou estimación das súas pretensións, se non que esta é unha potestade recoñecida expresamente no apartado 2 do mesmo artigo 56 ao Alcalde, aos membros da Xunta de Goberno Local ou aos órganos directivos municipais en relación cos asuntos da súa competencia, o cal non acontece no caso exposto.

Sen prexuízo do anterior, non se estima necesario nin conveniente solicitar novo informe a Asesoría Xurídica municipal respecto dos asuntos cuestionados polo Sr. Casas Vázquez no seu escrito de alegacións por considerar que do expediente e do teor literal dos acordos aos que alude o alegante xa se desprende a motivación exposta neste apartado que argumenta a resolución das súas alegacións nos termos arriba expostos.

Por outra banda, non se considera axeitado solicitar este informe xa que as pretensións ou reclamacións esenciais aducidas no escrito constitúen xa o contido dun recurso contencioso-administrativo interposto polo Sr. Casas Vázquez, en calidade de titular do posto de Presidente do TEA, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/09/2019 de aprobación definitiva da RPT de persoal directivo do Concello de Pontevedra e o seu organismo autónomo, no cal por unha banda solicita o recoñecemento do carácter directivo do posto do Presidente do TEA e a súa inclusión na RPT de directivos (ao cal se trata de dar satisfacción extraprocesual a través do presente acordo de aprobación definitiva da RPT de directivos coa inclusión do mesmo posto co CDG 0006 e o recoñecemento expreso da súa condición de directivo con efectos retroactivos a data de inicio dos efectos da creación da RPT de directivos)

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

e xunto a esta pretensión, demanda unhas condicións económicas para o dito posto en termos similares aos reclamados no escrito de alegacións, estando este recurso contencioso pendente de vista no Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 de Pontevedra, prevista para o vindeiro 27 de maio de 2021.

Esta litispendencia das cuestións sobre as que se solicita que se pida informe a Asesoría Xurídica fai que non se considere procedente solicitar a este órgano municipal informe ao respecto, ao ser este o mesmo órgano que ten encomendado a súa defensa en xuízo ao abeiro do establecido no artigo 129 da LBRL e no artigo 55 do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal

Polo exposto, rexeitase a petición recollida na alegación quinta relativa a incorporación de informe da Asesoría Xurídica ao expediente.

Con base aos argumentos e motivación exposta ao longo deste apartado 5, desestímanse as alegacións achegadas por don Ramón Casas Vázquez agás a alegación formulada no seu apartado primeiro, pois con base ao informe de Asesoría Xurídica de data 28/01/2020 no que se fundamenta a inclusión do novo posto de presidente do TEA (CDG 0006) na RPT de directivos e á vista dos argumentos aducidos no escrito de alegacións, considérase proporcionado e axeitado recoñecer de forma expresa a condición de directivo do posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo desde a data de efectos de creación da RPT de directivos, o día 01/10/2019.

En consecuencia, se ben a inclusión do posto de Presidente do TEA na RPT de directivos co CDG 0006 se leva a efecto a través do acordo de aprobación definitiva de modificación da mesma RPT (con efectos desde o día seguinte a súa publicación no BOP) recoñécese expresamente o carácter de directivo do mesmo posto con efectos do día 01/10/2019, data dos efectos da entrada en vigor da RPT de directivos obxecto de modificación.

6.- Consonte o arriba exposto e de acordo cos motivos manifestados nos apartados 4 e 5 , procede desestimar as alegacións e reclamacións formuladas contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/02/2021 pola Xunta de Persoal do Concello de Pontevedra e por don Ramón Casas Vázquez, agás a reclamación achegada polo Sr.Casas Vázquez en relación co recoñecemento da condición de directivo do posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo con efectos retroactivos a data de creación da RPT de directivos, é dicir, con efectos do día 01/10/2019 no que entrou en vigor a dita RPT.

En consecuencia, procede a aprobación definitiva da modificación da relación de postos directivos do Concello de Pontevedra, nos termos aprobados inicialmente pola Xunta de Goberno local no devandito acordo de data 15/02/2021, engadindo un apartado na parte expositiva deste acordo relativa ao citado recoñecemento do carácter de directivo do posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo con efectos do día 01/10/2019.

7.- En canto a competencia para aprobar a relación de postos directivos,

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

posto que é unha relación de postos de traballo, aínda que limitada aos órganos directivos desta entidade local, e na medida que parece que a intención do lexislador galego é que se asimilen ás relacións de postos de traballo, pois deben ter un contido análogo, estímase que a súa aprobación ou modificación debe ser competencia do mesmo órgano que aproba as relacións de postos de traballo, como é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local. En todo caso, o órgano competente para aprobar esta relación de postos pode considerarse a Xunta de Goberno Local, en virtude da competencia residual en materia de persoal, ao non atribuírse expresamente esta competencia a ningún órgano (a Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local lle atribúe todas as decisións en materia de persoal a este órgano sempre non estean expresamente atribuídas a outro órgano).

8.- A presente modificación da RPT de persoal directivo do Concello de Pontevedra entrará en vigor o día seguinte a súa publicación íntegra no BOP, logo da súa aprobación definitiva.

A vista de todo o exposto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Desestimar integramente as alegacións formuladas no escrito de alegacións achegado, en tempo e forma, pola Xunta de Persoal do Concello de Pontevedra, a través da súa presidenta, dona Yolanda González Cons, polos motivos expostos nos diferentes apartados do punto 4 da parte expositiva deste acordo, que se da por reproducido neste acordo.

Segundo.- Desestimar as alegacións formuladas no escrito de alegacións achegado, en tempo e forma, por don Ramón Casas Vázquez, titular do posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo, polos motivos expostos nos diferentes apartados do punto 5 da parte expositiva deste acordo, que se da por reproducido neste acordo, agás a alegación relativa ao recoñecemento retroactivo da condición de directivo de dito posto, ao considerarse proporcionado e axeitado recoñecer de forma expresa a condición de directivo do posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo desde a data de entrada en vigor do acordo de creación da RPT de directivos, con efectos do día 01/10/2019.

Terceiro.- Recoñecer o carácter de persoal directivo do posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo con efectos do día 01/10/2019, data de entrada en vigor do acordo de aprobación definitiva da creación da RPT de directivos, publicada no BOP núm. 196 do 11/10/2019.

Cuarto.- Aprobar definitivamente a seguinte modificación da relación de postos directivos do Concello de Pontevedra para o ano 2021, quedando redactado na forma que figura no anexo I, para que entre en vigor con efectos do día seguinte ao da súa publicación integra no BOP logo da súa aprobación definitiva:

- Suprimir o posto de director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións, co CDG 0006, adscrito á Presidencia do Pazo de Congresos e

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

Exposicións.

- Incluír o posto de Presidente/a do Tribunal Económico Administrativo co CDG 0006 e coas condicións e características recollidas no anexo I deste acordo.

- Actualizar as contías dos complementos específicos dos postos recollidas no anexo I, segundo o incremento previsto no artigo 18 da Lei 11/2020 de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

- Actualizar as situacións dos postos a realidade actual dos postos directivos do Concello de Pontevedra.

Quinto.- Proceder, unha vez aprobada definitivamente a modificación da relación de postos de persoal directivo, á publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da relación de postos de traballo do Concello de Pontevedra recollida no anexo I, así como remitir copia desta modificación aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación íntegra no BOP.

ANEXO I
RELACIÓN DE POSTOS DIRECTIVOS
ANO 2021

PERSOAL DIRECTIVO (DIR)														
Cód.	Denominación	Dot.	Clasificación profesional requirida	Requisitos legais para prover os postos	FP	RB	C. D.	C.E.	CP	Méritos e capacidades	ADMIN	FE	ST	Observacións
0	Área de presidencia e servizos xerais													
0001	Director/a da Asesoría Xurídica	1	corpos ou escalas para cuxo ingreso se requira título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente	1. Licenciado en dereito. 2. Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais aos que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia	30	36187,31 euros		1. Experiencia en postos que teñan entre as súas funcións o asesoramento xurídico ou en representación e defensa en xuízo de administracións públicas de como mínimo de dous anos, que poden ser continuos ou discontinuos. 2. Competencias no eido xurídico	ALXE		T	
0002	Director/a Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais	1	corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1	Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co artigo 143	30	28948,58 euros		Competencias e experiencias no ámbito do sector público en xestión de recursos humanos ou dirección de persoal ou desempeño de postos directivos ou xestión de unidades de urbanismo ou	ALXE		T	

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

PERSOAL DIRECTIVO (DIR)															
Cód.	Denominación	Dot.	Clasificación profesional requirida	Requisitos legais para prover os postos	FP	RB	C. D.	C.E.	CP	Méritos e capacidades	ADMIN	FE	ST	Observacións
0	Área de presidencia e servizos xerais													
				comunidades autónomas ou das entidades locais que pertenzan a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A		da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia				servizos xerais. Como mínimo deberá terse esas experiencias durante dous anos que poden ser continuos ou discontinuos.				
0003	Director/a Xeral de Mobilidade	1	corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1	Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que pertenzan a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia	30	28948,58 euros		Competencias e experiencias no ámbito do sector público en xestión de recursos humanos ou dirección de persoal ou desempeño de postos directivos ou xestión de unidades de unidades de mobilidade, proxectos ou obras. Como mínimo deberá terse esas experiencias durante dous anos que poden ser continuos ou discontinuos.	ALXE		T	Ademais das funcións do artigo 45 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra en relación á área de medio ambiente proxectos e obras, terá as funcións do artigo 45 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra en relación aos proxectos, obras e instalacións e todo o que este relacionado co mantemento e conservación dos edificios e instalacións adscritos ou que dispoña o organismo autónomo de Pazo de Congresos e Exposicións e, en particular, a coordinación, supervisión e dirección de proxectos, obras e instalacións e todo o relativo a conservación e mantemento destes edificios e instalacións.
0004	Director/a Xeral de Protección Cidadá	1	corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1	Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que pertenzan a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia	30	28948,58 euros		Competencias e experiencias no ámbito do sector público en xestión de recursos humanos ou dirección de persoal ou desempeño de postos directivos ou xestión de unidades de Policía Local ou Prevención e EXtinción de Incendios. Como mínimo deberá terse esas experiencias durante dous anos que poden ser continuos ou discontinuos.	ALXE		T	
0005	Director/a Xeral de Recursos Humanos	1	corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1	Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co	30	28948,58 euros		Competencias e experiencias no ámbito do sector público en xestión de recursos humanos ou dirección de persoal ou desempeño de postos directivos ou xestión ou	ALXE		T	

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

PERSOAL DIRECTIVO (DIR)														
Cód.	Denominación	Dot.	Clasificación profesional requirida	Requisitos legais para prover os postos	FP	RB	C. D.	C.E.	CP	Méritos e capacidades	ADMIN	FE	ST	Observacións
0	Área de presidencia e servizos xerais													
				Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que pertenzan a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A		artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia				participación en unidades de persoal. Como mínimo deberá terse esas experiencias durante dous anos que poden ser continuos ou discontinuos.				
0006	Presidente/a do Tribunal Económico Administrativo	1	corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1	Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que pertenzan a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia	28	25546,75 euros		Competencia técnica en materia tributaria e experiencia en postos que teñan entre as súas funcións a xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público así como tarefas de informe ou redacción de ordenanzas fiscais nas diferentes administracións públicas. A experiencia para o desempeño deste posto é fundamental pola relevancia das funcións a desempeñar.	ALXE		T	

CLAVES EMPREGADAS E O SEU SIGNIFICADO

1) DENOMINACIÓN DO POSTO.

Utilízanse as denominacións do posto directivo.

2) DOT = DOTACIÓN.

Significa o número de postos de traballo que se agrupan nunha soa liña nos que concorre idéntica denominación, requisitos e características incluídas as retribucións complementarias.

3) VIN = VINCULACIÓN.

Indica a vinculación do persoal coa Administración municipal: Directivo (DIR).

4) FP = FORMA DE PROVISIÓN.

A FP normal dos postos directivos é a de libre designación (na clave se porá LD).

5) RB= RETRIBUCIÓNS BÁSICAS.

As retribucións básicas do posto identifícanse coa clave RB.

6) CD= COMPLEMENTO DE DESTINO

Reflicte o nivel asignado a cada posto, cando procede, para os efectos da percepción do complemento de destino que se corresponde co de funcionario de carreira.

7) CE= COMPLEMENTO ESPECÍFICO.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE

Reflicte o importe anual en euros do complemento específico global asignado ao posto.

8) CP= COMPLEMENTO DO POSTO.

No caso do posto de Director/a Xerente ten asignado como retribución complementaria a de complemento do posto (a clave é a de CP).

9) ADM= ADMINISTRACIÓN.

En Administración indicase se os postos están abertos a provisión por persoal que non forma parte do Concello de Pontevedra. Se están reservados a provisión por persoal do Concello de Pontevedra ponse a clave AL e se están abertos a provisión por persoal que non forma parte do Concello de Pontevedra ponse ALXE.

10) FE= FORMACIÓN ESPECÍFICA.

11) ST = SITUACIÓN.

Nesta columna exprésase a relación do ocupante co posto de traballo: (V) = Vacante; (T) = Desempeñado por funcionario de carreira; (P) = Desempeñado por persoal non funcionario de carreira; e (E) = Outras situacións administrativas. Na columna as letras van precedidas do guarismo que indica o número de postos que se encontran en cada situación cando os mesmos se reflicten de forma agrupada.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

Asinado por: MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: ALCALDE
Data: 18/05/2021

Asinado por: RAIMUNDO GONZÁLEZ CARBALLO
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRO
Data: 18/05/2021
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:NMNHHN21FE1XYBBE